

## ANUNCIO

**APROBACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (C 36)**

Por Resolución da Alcaldía Núm. 855/2024 aprobouse a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (36), da oferta de estabilización de emprego temporal do Concello de Rianxo 2022 que textualmente di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Aprobación da listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (C 36)**

## ANTECEDENTES

O Concello de Rianxo publicou no BOP núm. 246, do 29/12/2022, a aprobación das bases xerais e específicas de estabilización Lei 20/2021 aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 1029/2022, do 28/12/2022, e que incluían 1 praza de axente de emprego e desenvolvemento local (Ref. C 34).

O Concello de Rianxo publicou no BOE núm. 313, do 30/12/2022, a convocatoria para prover as ditas prazas.

O prazo para a presentación das instancias para participar no dito proceso foi de 20 días naturais, segundo o establecido no punto 3 da base sexta das ditas bases; así, o día 19/01/2023 rematou o prazo de presentación das instancias.

Mediante o decreto número 570/2023 de 6/06/2023, aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas\_Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (C36),

Visto o decreto número 460/2024 de data 17/05/2024, polo que se incoa procedemento para a revisión de oficio do Decreto número 570/2023 de 6/06/2023, polo que se aproba a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas para unha praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (C36), ao considerar que pode incorrer na causa de nulidade pola que se adquiren facultades ou dereitos cando se carezan dos requisitos esenciais para a súa adquisición, polos motivos anteriormente expostos e que se teñen aquí por reproducidos a todos os seus efectos.

Tramitado o expediente de revisión de oficio e recibido o Ditame 270/2024 do Consello Consultivo de Galicia, do 11 de setembro, que conclúe: “...Por todo o anteriormente exposto, a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, por unanimidade dos seus membros, ditamina: “Que informa favorablemente a proposta de resolución á que o presente expediente se refire...”

Visto o Decreto número 846/2024 de 16/09/2024, que resolve o expediente de revisión de oficio, que declara nulo de pleno dereito o Decreto número 570/2023 de 6/06/2023, polo que se aproba a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas\_Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (C36), na que consta admitido, entre outros aspirantes, Marcos Alejandro Muíños, ao non reunir dito aspirante os requisitos básicos e xerais recollidos nas bases específicas que rexen a convocatoria e

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 665.409 exp. 2022/E001/000049

desenvolvemento dos procesos extraordinario de estabilización de unha praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (C36), e se acorda retrotraer as actuacións do expediente de desenvolvemento do proceso extraordinario de estabilización dunha praza de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (C36), ao momento previo á aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión, sinalando un prazo de dez días para a súa emenda.(...)”

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

#### PRIMEIRO

Aprobar a listaxe provisional anonimizada de persoas admitidas que se relacionan a continuación:

| NÚM. ORDE | APELIDOS E NOME               | DNI       | PROBA DE GALEGO |
|-----------|-------------------------------|-----------|-----------------|
| 1         | Ermo Sanches, Daniel          | ***6701** | Exento/a        |
| 2         | Fungueiriño Tubío, María José | ***7930** | Exento/a        |
| 3         | Mariño Laíño, Silvia          | ***3717** | Exento/a        |
| 4         | Martul Rosende, Tania         | ***8969** | Exento/a        |
| 5         | Pazos Pérez, Juan Manuel      | ***8303** | Exento/a        |
| 6         | Rodríguez Rey, María Aurora   | ***6593** | Exento/a        |

#### SEGUNDO

Aprobar a listaxe provisional anonimizada de persoas excluídas do citado proceso, que inclúe ás seguintes persoas:

| NÚM. ORDE | APELIDOS E NOME               | DNI       | PROBA DE GALEGO | CAUSA EXCLUSIÓN |
|-----------|-------------------------------|-----------|-----------------|-----------------|
| 1         | Alejandro Muíños, Marcos      | ***3751** | Exento/a        | 2               |
| 2         | Galbán Rubio, María           | ***6873** | Exento/a        | 2               |
| 3         | Rosende Otero, María Victoria | ***1677** | Exento/a        | 1               |

| Causas da exclusión: |  |
|----------------------|--|
| 1                    | Non presenta copia do DNI, pasaporte ou documento identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante. |
| 2                    | Non presenta titulación requirida ou está incompleta.  |

As persoas aspirantes excluídas, así como aquelas que non figuren nas listaxes, disporán dun prazo **de dez días hábiles** para a súa emenda, de acordo co artigo 68 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do

procedemento administrativo común das administracións públicas ou, no seu caso, advertir para posibles omisións sen causa indicada. Quen, dentro do dito prazo, non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso. Este prazo iniciarase ao día seguinte da publicación desta listaxe no BOP.

Finalizado o prazo de emenda, a Alcaldía ditará resolución aprobando a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, con indicación do nome, apelidos e catro cifras aleatorias do DNI dos/as admitidos/as e das causas da exclusión.

No caso de omisións sen causa indicada e que respondan a erros de feito, materiais ou aritméticos o aqueloutros que non afecten ao cumprimento dos requisitos de participación no proceso selectivo poderanse emendar de oficio, ou a petición da persoa interesada, con posterioridade a aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas.

As anteditas resolucións sobre listaxes provisionais e definitivas de aspirantes admitidos e excluídos serán obxecto de publicación, ademais de no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios (físico e electrónico) e no sitio web municipais.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Rianxo, 25 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente, o alcalde Julián Bustelo Abuín